A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO

JOSE CARLOS VIDAL SUAREZ (1 para 1)
Alcalde
Data de Sinatura: 23/11/2026
HASH: caa256ce1a7010449ec79df7a77367ad

ANUNCIO

APROBACIÓN DA DAS BASES REGULADORAS DO SORTEO "DESCOBRE AS CARAMIÑAS DA POBRA E COMPARTE O TEU NADAL"

Expediente: 3679/2026

Por resolución da alcaldía do 23 de novembro de 2026, acordouse aprobar as bases que rexerán o sorteo do Nadal "Descobre as Caramiñas da Pobra e comparte o teu Nadal" , e que se transcriben a continuación:

"BASES SORTEO "DESCOBRE AS CARAMIÑAS DA POBRA E COMPARTE O TEU NADAL"

O Concello da Pobra do Caramiñal organiza o sorteo fotográfico «Descobre as Caramiñas da Pobra e comparte o teu Nadal» a través das redes sociais, co obxectivo de dinamizar e promocionar o comercio local durante a campaña de Nadal, ofrecendo premios en Caramiñas para consumir nos establecementos e negocios adheridos á campaña comercial «Caramiñas na Pobra», de acordo coas seguintes bases:

OBXECTIVOS

O Concello da Pobra do Caramiñal promove esta iniciativa co obxectivo de fomentar o consumo no comercio de proximidade e dar visibilidade aos establecementos comerciais participantes na campaña «Caramiñas na Pobra».

A través desta proposta, preténdese animar á cidadanía, tanto á veciñanza do municipio como ás persoas visitantes, a achegarse aos comercios adheridos á campaña, descubrir os seus espazos, produtos e decoracións de Nadal e compartir fotografías dos mesmos a través da rede social Instagram. Deste xeito, búscase incrementar a visibilidade dos negocios participantes, fomentar as visitas aos establecementos comerciais e incentivar as compras no comercio local, facendo partícipe á cidadanía dunha campaña de promoción e dinamización comercial durante as festas do Nadal.

CARÁCTER DA PROMOCIÓN E PERSOAS LEXITIMADAS

Poderá participar no sorteo calquera persoa física **maior de 14 anos** que dispoña dunha conta propia na rede social Instagram e que, durante o período de

Cod. Validación: 9SYZPMF52NJEE4F46MEHK65MQ
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 8

vixencia da promoción, participe de acordo cos requisitos e condicións establecidos nestas bases.

A participación no sorteo é gratuíta e non require realizar ningunha compra nos establecementos adheridos á campaña.

DURACIÓN DO SORTEO

O sorteo estará en vigor desde o día **1 ata o 31 de decembro de 2026**, ambos os dous incluídos.

As fotografías deberán realizarse e compartirse durante este período. Non serán válidas as imaxes publicadas con anterioridade ou posterioridade ás datas indicadas.

DESENVOLVEMENTO DO SORTEO

Para participar no sorteo, as persoas interesadas deberán dispoñer dunha conta propia na rede social Instagram e cumprir os seguintes requisitos:

- Realizar unha fotografía nun dos establecementos comerciais adheridos á campaña «Caramiñas na Pobra». A imaxe deberá estar tomada no propio establecemento e poderá amosar o seu espazo, escaparate, decoración, ou calquera outro elemento que permita identificar e dar visibilidade ao negocio.

- Compartir a fotografía a través das stories da súa conta persoal de Instagram.

- Mencionar obrigatoriamente a conta oficial do sorteo do Concello da Pobra, **@caraminhasnapobra**, na story publicada.

Para que a participación poida ser validada, o perfil de Instagram deberá ser público durante o período de participación. No caso de dispoñer dun perfil privado, a persoa participante deberá enviar unha captura de pantalla da story publicada mediante mensaxe directa á conta @caraminhasnapobra, de xeito que a organización poida comprobar que se cumpren os requisitos establecidos.

Cod. Validación: 9SYZPMF52NJEE4F46MEHK65MQ
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8

A participación na presente campaña implica a declaración responsable dos participantes de reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvenciones de Galicia.

Cada persoa poderá realizar unicamente unha participación por día. No caso de que unha mesma persoa publique máis dunha fotografía ou realice máis dunha participación nun mesmo día, unicamente se admitirá a primeira participación realizada, quedando excluídas as restantes.

Haberá un sorteo por cada día de vixencia da promoción. Cada xoves daranse a coñecer as persoas gañadoras correspondentes ás participacións realizadas durante a semana anterior.

As persoas que xa resultasen gañadoras poderán seguir participando nos seguintes sorteos, sempre que realicen unha nova fotografía e cumpran todos os requisitos establecidos nestas bases. Non se admitirán fotografías que xa fosen utilizadas para obter un premio con anterioridade.

Unicamente se aceptarán as participacións realizadas mediante Instagram Stories, coa correspondente mención á conta oficial do sorteo do Concello da Pobra, @caraminhasnapobra.

Aquelas persoas que non realicen todos os pasos obrigatorios ou que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases quedarán excluídas do sorteo.

As persoas gañadoras serán seleccionadas de forma totalmente aleatoria mediante unha aplicación informática que realizará o reconto das participacións e comprobará o cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases. A aplicación achegará un certificado de validez por cada sorteo realizado.

PREMIOS

Cada día de vixencia do sorteo, unha persoa participante resultará gañadora dun premio de **200 € en Caramiñas**, que deberá consumir nos establecementos e negocios adheridos á campaña comercial «Caramiñas na Pobra».

Cod. Validación: 9SYZPMF52NJEE4F46MEHK65MQ
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8

O importe total destinado aos premios ascenderá a **6200 €**, correspondente ao número de sorteos diarios previstos durante o período de vixencia da promoción.

A organización dará a coñecer as persoas gañadoras a través da conta oficial do sorteo do Concello da Pobra, @caraminhasnapobra, mediante a publicación dos resultados e a identificación das persoas premiadas.

Ademais, enviaráselles unha mensaxe directa a través de Instagram para comunicarlles o resultado e solicitar os datos necesarios para a xestión e entrega do premio: nome, apelidos, DNI e teléfono de contacto.

As persoas gañadoras poderán recoller os premios cada sábado na praza de abastos da Pobra do Caramiñal, en horario de 11:00 a 13:00 horas. Na comunicación individual indicaráselles a data e as condicións concretas para a súa recollida.

No caso de que a persoa gañadora sexa menor de idade, deberá acudir acompañada da súa nai, pai ou persoa representante legal para a recollida do premio.

Os premios non serán susceptibles de cambio, alteración ou compensación a petición das persoas premiadas, nin poderán ser trocados por diñeiro en metálico.

Os premios serán persoais e intransferibles. No caso de que unha persoa premiada non poida ou non queira aceptar o premio, ou renuncie a el, a organización non estará obrigada a entregalo a outra persoa participante.

Non poderá procederse á entrega dos premios sen que se verifique previamente a situación tributaria dos beneficiarios que deberán autorizar expresamente dita consulta en aplicación do establecido no artigo 10.2 g) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvenciones de Galicia.

Os premio aboaranse con cargo a aplicación orzamentaria 433.22109 do

Cod. Validación: 9SYZPMF52NJEE4F46MEHK65MQ
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 8

orzamento de gastos do concello 2026.

PUBLICIDADE

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do concello.

CONDICIÓNS DO CONTIDO DAS IMAXES E TEXTOS

As fotografías presentadas deberán ser orixinais e da autoría da persoa participante, que será responsable de garantir que non vulneran dereitos de propiedade intelectual, dereitos de imaxe nin ningún outro dereito de terceiros.

Non serán admitidas as fotografías cuxo contido sexa abusivo, obsceno, vulgar, violento, racista, sexista, ameazante, contrario ás boas costumes, que vulnere algún dereito fundamental das persoas ou que infrinxa calquera disposición legal vixente.

A persoa participante será a única responsable de obter os permisos e autorizacións necesarios no caso de que nas fotografías aparezan persoas identificables ou outros elementos protexidos por dereitos de terceiros.

Todas as imaxes que incumpran os principios e requisitos anteriores poderán ser excluídas do sorteo.

A organización resérvase o dereito de excluír aquelas participacións que considere fraudulentas, realizadas de mala fe ou que poidan prexudicar o correcto funcionamento da promoción. Non se permitirá a utilización de perfís falsos nin a participación mediante prácticas fraudulentas.

DEREITOS DE USO DAS IMAXES

As persoas participantes autorizan o Concello da Pobra do Caramiñal a reproducir e compartir as fotografías presentadas no marco desta promoción,

Cod. Validación: 9SYZPMF52NJEE4F46MEHK65MQ
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8

exclusivamente para fins de difusión e promoción da campaña «Caramiñas na Pobra», do comercio local e das actividades municipais relacionadas coa campaña de Nadal.

Esta autorización será gratuíta e non exclusiva, sen que implique unha cesión xeral dos dereitos de propiedade intelectual das fotografías, que seguirán pertencendo ás súas persoas autoras.

O Concello comprométese a realizar un uso das imaxes acorde coa finalidade indicada e respectuoso cos dereitos das persoas participantes e de terceiros.

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais facilitados polas persoas participantes serán tratados polo Concello da Pobra do Caramiñal coa finalidade de xestionar a participación no sorteo, comprobar o cumprimento das bases, identificar as persoas gañadoras e tramitar a entrega dos premios.

Os datos solicitados ás persoas gañadoras serán os estritamente necesarios para a correcta xestión e entrega dos premios.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e demais dereitos recoñecidos pola normativa vixente en materia de protección de datos, nos termos establecidos na lexislación aplicable, a través das canles habilitadas polo Concello.

O tratamento dos datos persoais realizarase de acordo co Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos, e coa Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

RESERVAS E LIMITACIÓNS

A organización resérvase o dereito de cancelar, suspender ou modificar algunha das condicións da presente promoción cando, por causas técnicas ou de calquera outra índole alleas á súa vontade, non poida garantir o seu normal desenvolvemento, sempre que concorran circunstancias que xustifiquen tales

Cod. Validación: 9SYZPMF52NJEE4F46MEHK65MQ
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8

medidas.

O Concello non se fará responsable dos problemas técnicos, fallos de conexión, incidencias de internet ou do funcionamento da rede social Instagram que poidan impedir ou dificultar a participación no sorteo, así como da perda ou non recepción das publicacións por causas alleas á organización.

A organización non se fai responsable da veracidade dos datos facilitados polas persoas participantes. No caso de que os datos sexan incorrectos ou insuficientes e non sexa posible localizar a persoa gañadora para comunicarlle o resultado ou xestionar a entrega do premio, o Concello quedará exento de responsabilidade respecto desta circunstancia.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

A participación no sorteo implica a aceptación das condicións establecidas nestas bases.

Esta promoción non está patrocinada, avalada nin administrada por Instagram, nin asociada de ningún xeito a esta plataforma.

O Concello da Pobra do Caramiñal resérvase o dereito de adoptar as decisións que considere oportunas para garantir o correcto desenvolvemento da promoción, sempre de acordo coas presentes bases e coa normativa aplicable.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no sorteo implica o coñecemento e a aceptación íntegra das presentes bases.

A non aceptación de calquera das condicións establecidas comportará a exclusión da persoa participante, quedando o Concello da Pobra do Caramiñal exento de calquera obriga respecto desta.”

O que se publica aos efectos oportunos.

Na Pobra do Caramiñal, 23 de novembro de 2026

Cod. Validación: 9SYZPMF52NJEE4F46MEHK65MQ
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8

A POBRA
DO CARAMIÑAL
CONCELLO

O Alcalde,

José Carlos Vidal Suárez.

Cod. Validación: 9SYZPMF52NJEE4F46MEHK65MQ
Corrección: https://apobra.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8